

{youtube width="200" height="160"}79XRv-fMzKw{/youtube}

A [Aula de Cultura ponte de Rosas](#) recibe a exposición **PRE ARQUITECTURAS. PESCUDAS E ACHADOS** do arquitecto **Antonio Soliño Troncoso**

. Invitamos á inauguración o próximo **venres 15 de outubro ás 20 horas**

na sede do IEM (Avda dá Feira Nº 10, Baixo - Gondomar).

A presentación dos traballos estará a cargo do propio autor. Como adianto deixamos estes conceptos vertidos por Antonio Soliño no díptico da mostra:

*"Nesta exposición o arquitecto amosa unha pequena selección de traballos proxectados para construír arquitecturas de pequena escala, que non sempre cristalizaron. Máis ben, poucas veces. Acompañanlles algúns cadernos de viaxe, nesta ocasión só da península ibérica; algunhas maquetas conceptuais da serie "Territorios", dun marcado carácter obxetual, nas que o título non é parte menor da obra; e unhas poucas pezas de mobiliario, entendido e deseñado como elemento complementario da arquitectura. Todo iso pretende falar das súas reflexións, intereses, influencias, afinidades, dúbidas... dos seus límites. E interrogarte acerca dos teus."*

A exposición poderá ser visitada dende o 15 de outubro ata o 11 de novembro de 2011, no horario de 19 a 22 horas de luns a venres.

**Achegamos para descargar a folla informativa.**



[Inauguración da exposición pre ARQUITECTURAS. PESCUDAS E ACHADOS, de Antonio Soliño Troncoso](#)